

# O ESPIGONCIÑO

XORNAL ESCOLAR DO CEIP "MANUEL FRAGA IRIBARNE" DE CARIÑO



Andrea Fontela 5ºA

Número 64

Decembro 2014

## Ola!

---

Neste Nadal, como todos os anos, celebramos unhas festas moi familiares. Xuntámonos cos nosos parentes, poñemos a árbore, veñen os Reis Magos ao colexio e aos fogares e reparten agasallos: libros, puzzles, xogos de mesa... e moitas máis cousas que nos gustarán.

Este ano, os da nosa clase, pasamos para 5º e xa podemos aportar máis cousas, sobre todo no Espigonciño, xa que imos facer entrevistas. Para empezar, para este xornal entrevistamos a dous mariñeiros carriñeses que nos contan cousas moi interesantes, como poderedes comprobar noutras páxinas.

Sen embargo, non debemos esquecer a outras persoas, a outros nenos que non poden celebrar estas Festas porquen non teñen fogar, alimentos nin outros recursos tan necesarios. Algúns nin familia. Desde esta lembranza, para eles e para vós o desexo de que vos traian moitos agasallos!

Adeus e felices festas!

Erika e Ignacio 5º A

Este é o último ano no Colexio e tamén o último Espigonciño de Nadal no que colaboramos. No que vai de curso imos moi ben: gañamos o concurso de decoración de portas polo Samain, participamos na elaboración de postres con froitas do outono e logo probámoslos despois das castañas do Magosto. Hai uns días fomos a unha charla sobre reciclaxes e aprendemos que as formas e as cores dos contedores están para algo.

Ainda que sexa un pouco cedo para nos despedir, xa que queda outro xornal, espero que nos vaia ben no Instituto.

Pablo López 6º A



## SUMARIO

---


Os petos de Loreto.....	5
Actividades: “Cousas do outono”.....	10
O Magosto .....	11
Descubrinto pintores .....	12
Contos: “O xigante e a bruxa” .....	16
“Historias de medo” .....	18
“Historias de Nadal” .....	20
Actividades: “O Magosto” .....	22
Actividades: “Teatro de sombras” .....	25
“Macedonia de froitas” .....	26
Obradoiro: “Que miras?, que ves?” .....	27
Obradoiro: “Cámara escura” .....	30
Actívate: “Recicla con SOGAMA”.....	33
Xentes de Cariño polo mundo .....	34
Entrevista: “Dous mariñeiros de Cariño” .....	36
Proxectos: “O Sistema Solar” .....	38
Actividades de dinamización da lingua galega .....	40
Biblioteca .....	42
Pasatempos .....	45

---





OS PETOS DE LORETO






E POR SE AGUE  
TEN CATARRO OUTRO  
PARA OS PAIS



TEN UN PETOCÓN

MOITOS PARAVAS

E OUTRO CON BANIAO  
E TALLAS POR SE O SOL  
SAE OUTRA VEZ




TEN UNPETO CON BARCOS;  
OUTRO CON PATOS



TEN OUTO MAIS CON SOMBEIRO D'ARRO




PARA AS  
CABRAS QUE  
SON CATAS






EC ANDO ALGUEN  
QUEDA DURMIDO



SACA AS BUCINAS  
QUE FAN MOITO RUÍDO

TEN UN PETO CON  
MONO PATINS





ETEN OUTRO CON LAGARTOS



E NESTE PEDRO ESCONDE UN BERRANTE  
ENORME



PERO AÍNDA  
LLE QUEDAN  
MÁIS



Ilustrado polo alumnado de Educación Infantil 6ºB



ACTIVIDADES.

ESTE CURSO  
SEGUIMOS CONECCENDO  
COUSAS DO OUTONO.  
DIFERENCIAMOS  
FROITOS SECOS E  
CARNOSOS. FIXEMOS  
UN MURAL E ELABO  
RAMOS O NOSO  
"LIBRO DO OUTONO"  
4 ANOS



Alumnas e alumnos de 4 anos

## O MAGOSTO



Os nenos e nenas da *clase do polbo* celebramos a nosa primeira festa no colexio: 'O Magosto'.



Pintamos as nosas facianas , participamos nos *Xogos Populares* que nos tiñan preparados ,e despois *degustamos as ricas castañas*, e os *postres* que os pais e nais enviaron á escola.



¡Pasámolo en grande!

Alumnas e alumnos de 3 anos A 

## DESCUBRINDO PINTORES

### DESCUBRINDO PINTORES

KANDINSKY NA LEU EN  
RUSIA



ERA UN PINTOR E PROFESOR  
DE ARTE QUE LE GUSTABA MÓTID  
ESCOITAR MÚSICA CANDO  
PINTABA. MÚSICA CANDO  
PRIMEIRO PINTOU PERSONAS  
E PAÍS MES

E DESPOIS OS SEUS  
CADROS ERAN DE LINEAS RUZTOS  
E FORMAS.  
NA CLASE PINTAMOS OS  
SEGUIN TES CADROS:  
CIRCULOS CONCENTRICOS



A LGUNS CIRCULOS





E IMPROVISACIÓN  
AFRICANA



ARCIMBOLDO NACIU EN  
ITALIA



E FACIA OS SEUS  
CADROS DO CORPO CON  
FRUTAS PLANTAS E VERBOURAS.  
PINTO U O CADRE DAS  
4 ESTACIÓNS E NA CLASE  
FIXEMOS O OUTONO  
COAS NOSAS CARAS.



Alumnas e alumnos de 5 anos A



## CONTOS

Os nenos de 1ªA inventaron un conto entre todos empregando os dados "Story Cubes".



### O xigante e a bruxa.

Érase unha vez un xigante de ollos grandes e nariz puntiaguda que se foi de viaxe a Barcelona. Ao chegar á cidade decidiu buscar un piso de aluguer. Tiña moito diñeiro, pero tamén era moi avaricioso e non quería gastalo, así que decidiu alugar un primeiro piso máis barato. Era grande, con dous baños, unha cociña, un jacuzzi, dúas habitacións con dúas camas e un salón.



No andel do salón había un libro que puña "non tocar", pero o xigante tocou o libro e de súpeto abriuse un pasadizo segredo. Meteuse no pasadizo e atopouse cunha cúpula de cristal debaixo da cal había unha coroa. Botou unha ollada á sala por se había outro pasadizo, pero non atopou nada máis. Colleu a coroa e probouna. Quedáballe algo pequena. Mentres a estaba probando notou que se acendía unha luz no salón. Correu cara alí asustado pero viu que só se trataba dunha rata que accionara o interruptor da luz. Como a lámpada estaba quente a rata queimouse un pouco o pelo e fuxiu.

Nese momento o xigante escoitou o son dun coche. Mirou pola xanela e viu que unha bruxa se dirixía cara á súa casa. Pasou un anaco e chamaron á porta. Ao abrir a porta atopouse coa bruxa que lle pediu ir ao pasadizo segredo. O xigante quedou abraiado e preguntoulle- Como sabes iso?. E respondeulle a bruxa – Eu xa vivín nesta casa e polo




tanto sei que hai un pasadizo segredo. Así que o xigante deixoulle entrar e levouna ao pasadizo. Na habitación da cúpula a bruxa fixo aparecer unha mesa con comida que ulía moi ben. O xigante, que tiña moita fame, comeu dous pratos. O que non sabía o xigante é que a comida tiña Dormidina, así que quedou durmido e a bruxa aproveitou para quitarlle a coroa.

Cando o xigante espertou notou que a coroa non estaba, púxose triste e decidiu ir á policía e denunciar o roubo. O policía acompañou ao xigante á súa casa e ensinoulle o pasadizo onde ocorrera o roubo. Despois, rexistraron a vivenda e atopáronse á bruxa nunha habitación. A bruxa, que era moi espelida, escapou e saíu voando pola xanela. Voou tan alto que parecía que chegase á Lúa. O xigante e o policía saíron da casa e preguntáronlle a un señor que estaba na rúa se vira á bruxa. O señor díxolles que se fora cara ao bosque.

Cando chegaron ao bosque escoitaron un ruído e o foron seguindo ata que atoparon un mono subido a unha árbore. O mono, que era a mascota da bruxa, viuunos e escapou correndo onda a súa dona. Unha vez máis a bruxa fuxiu e mentres corría polo bosque atopou unha cabana de madeira na cal se refuxiou. Antes de chegar á cabana deixou unha pista falsa no camiño que consistía nunha nota tallada en pedra que indicaba a dirección contraria. Cando o policía e o xigante atoparon a pista falsa decidiron separarse e cada un tomou un camiño diferente.

Mentres tanto a bruxa buscou pola casa algo para asustar ao policía e atopou unha máscara debaixo da cama. A puxo e estaba ben horrorosa, pero cando chegou o policía non lle tivo medo ningún, pois era moi valente, e enfrontouse a ela. Detívoa, levouna ao cárcere e recuperou a coroa. O xigante, a pesar de ser moi avaricioso, entregoulle unha bolsa de diñeiro en agradecemento e por fin aprendeu a ser xeneroso e a a compartir.



E colorín colorado, este conto está rematado.

Alumnas e alumnos de primeiro



# HISTORIAS DE MEDO

Empecei a ver un capítulo de “Mentes Criminales” coa miña nai:

Había unha muller maior que oiou un ruído na súa casa e austouse. Mirou por toda a casa para ver de onde viñera o ruído.

Mirou debaixo da cama e alí había un ser monstruoso. Asustouse moito e saiu correndo.

Ao final a señora morreu asasinada sen poder escapar da casa. Viñeron os do FBI para investigar...

Esa noite tiveron un pesadelo. Tiveron moito medo!!!

Claudia – 4º A



Esa bruxa ...

Unha bruxa estaba marxitada na súa covoa.

A bruxa vivía a carón dunha cidade “Fróral” na que había 4.732.493 habitantes.

Un día a bruxa non tiña comida e saiu a “cazar” a Fróral.


A bruxa invocou a esqueletos, morcegos e arañas para que levaran a todos os habitantes á súa covoa.

A bruxa converteu aos nenos en cágados e aos adultos en sapos.

Así foinos comendo pouco a pouco.

Algúns conseguiron escapar, quedaron trece habitantes en Fróral.

David – 4º A



## O paiaso gracioso

Un día, cando entrei nunha casa encantada vin a vaixela e os cubertos que voaban, froteime os ollos porque non o cría!


Subín unhas escaleiras de madeira, a maioría estaban rotas e cruxían.

Cando cheguei arriba, había un disfraz de paiaso e boteime a rir. Pero...non me fixo ningunha gracia cando me falou!

Din a volta para irme correndo de alí, pero xa non había escaleiras. Non tiña máis remedio que saltar...



Iria – 4º A



Había unha vez un fantasma moi, moi vello, de máis de mil anos...

Cada hora comía “almas”.

A finais de cada ano convidaba a todos os fantasmas á súa casa.

A súa vivenda estaba encantada, pero non sempre era a mesma, xa que se mudaba con moita frecuencia.

Cando chegaba a unha casa nova todo estaba ben, pero cando se ía quedaba destruída: rompía mobles, quitaba a pintura das paredes...

Adrián – 4º A

### Jeff the Killer

Chámase Jeff the Killer. Ten o cabelo negro e longo. Un sorriso de orella a orella derramada por sangue. Ten tamén as pálpebras queimadas, o que significa que non pestanexa nunca.

So mata a vítimas maiores de doce anos. Usa un coitelo para matar. Sempre leva posto unha sudadeira branca, pantalón de chándal negro e uns zapatos negros con cordóns.

Cando vai matar di a seguinte frase: GO TO SLEEP!

Traducido do inglés significa "vaite a durmir".

Liquida sempre ás súas vítimas cando durmen.



Cristian – 4ªA



Entre os amigos da clase propuxemos facer un clube para investigar misterios.

O primeiro deses misterios foi saber que pasaba coa desaparición de nenos e nenas no parque.

Un día seguimos ao secuestrador hasta unha casa vella no alto.

Estaba na "Garita". Alí retía aos nenos e os amordazaba:

- Sorroco!! – Oíamos, pero era co medo.

En realidade querían dicir: Socorro!!

Entre todos os nenos do clube asustamos ao secuestrador que caiu polo cantil.

Asi liberamos a todos os que estaban secuestrados.

Celia – 4º A

Esta historia sucedeu hai moooitos anos!

Un neno que pasaba por diante dunha casa moi sinistra, escoitou unha voz escura e misteriosa.

Como era un neno moi, moi curioso, entrou na casa e empezou a buscar de onde saía esa voz.

Subiu as escaleiras, entrou nunha habitación onde estaban as fiestras abertas.

Pero como a esas alturas, xa estaba aterrorizado, escapou correndo.

Cando chegou a casa contouno, e dixéronlle que nesa casa había fantasmas!



Yoel – 4ªA

Alumnas e alumnos de 4º A





# HISTORIAS DE NADAL



## Os Reis Magos

O Nadal é unha época do ano para recordar tradicións. A tradición navideña que máis me gusta é a dos Reis Magos. Traen agasallos a todos os nenos e nenas: xoguetes, roupa, calzado... Pero tamén hai que pensar que algúns pequenos se quedan sen regalos e xoguetes. Por iso o Nadal é boa época para axudar e compartir cos que menos teñen.

Ana – 4ªA



## Un Nadal en familia



A Noiteboa pásoa en Ferrol cos meus avós. Os meus pais, meu irmán, os avós e eu ceamos todos xuntos: langostinos e rape en salsa. Pola mañá espertamos cedo; xunto ao meu irmán imos mirar se hai regalos de Nadal debaixo da árbore na sala. Despois espertamos e todos e abrimos os regalos. Cerca do mediodía chega o resto da familia: os meus tíos e tías, as miñas curmás. Xantamos todos os anos cocido e sobremesas navideñas. Pola tarde a miña tía organiza unha rifa con regalos pequenos que recopila ao longo do ano. Temos un bote con números e quen ten cada número dos que saen leva premio. É un día moi divertido!

Elisa – 4ª A

## Dous amigos inseparables

Había unha vez dous amigos, un era un neno pobre que se chamaba Xaime, o outro era dunha familia acomodada e chamábase Martiño. Xaime nunca recibira agasallos de Nadal, porque a súa familia non tiña cartos para celebrar esas festas. O seu amigo Martiño si que recibía agasallos no Nadal. Os dous amigos tiñan un desexo común para estas festas: pasar o Nadal xuntos. O día de Noiteboa, Xaime tiña unha caixa na porta da súa casa: era un libro máxico! O libro íalle conceder o desexo que quixera. Así pois cerrou os ollos e pediu con todas as forzas estar no Nadal con Martiño. Cando de súpeto se atoparon xuntos os dous amigos, non o podían crer! Estaban en casa de Martiño, así Xaime podería ter agasallos por primeira vez. Pero púxose a pensar e atopouse triste, porque botaba de menos a súa familia. Os dous amigos decatáronse de que o importante non eran os agasallos, senon estar en familia e cos amigos. Déronse unha aperta de despedida e Xaime volveu a pedir con forza o desexo de volver coa súa familia a pasar o Nadal.



Bruno – 4ª A

## Papá Noel

Un neno que non vía ao seu pai desde había varios meses, pediulle a Papá Noel na súa carta que lle trouxera a seu pai polo Nadal. Cando chegou Noiteboa estaba toda a familia reunida, pero o seu pai non chegara.

Por iso o neno estaba moi triste.

Ao día seguinte, cando espertou e foi ver os agasallos, atopouse alí a seu pai. Que alegría!

Ao final Papá Noel cumpríulle o seu maior desexo.



Alejo – 4ªA

### Un Papá Noel ocupado

Un neno chamado Samuel estaba moi triste porque Papá Noel o día de Nadal non lle deixara ningún agasallo, mentres que aos seu amigos si.

Foise á cama moi triste.

Pola mañá, cando espertou, tiña varios regalos debaixo da árbore e unha nota que poñía:

“Perdón Samuel, por non traerche os agasallos a tempo, xa que estiven moi ocupado.

Un saudo, Papá Noel”

Daniel – 4ªA

Esta é a historia dun neno afortunado porque naceu nunha familia rica. Cando chegaba o Nadal tiña moitos agasallos, pero poucos amigos. Viu que o seu veciño Tom, de familia pobre, non tivera regalos no Nadal, e deulle algúns. Tom así estivo moi agradecido. No seguinte Nadal, volveu a ter morea de agasallos. Como era un neno bondadoso, regalou moitos dos seus agasallos a nenos de familias humildes. Coñecido pola súa bondade, era querido por todos.



Alex – 4ªA

### Conto popular – A vendedora de mistos

Era Noiteboa e ía moito frío. Todo o mundo ía dun lado para outro con présa e paquetes baixo o brazo, xa que era véspera de Nadal.

Ninguén se decatara que alí, no medio da rúa, estaba unha pobre nena morta de frío. Vestía roupa de pouco abrigo. Non tiña casa a onde ir. Adicábase a vender caixas de mistos.

Miraba os escaparates cheos de doces e manxares. Daría o que fóra por pouco de turrón. Empezou a lembrar aos seu pais e dixo:

- Prenderei un misto e así poderei quentarme un pouco – Ras! Apareceu ante ela unha cheminea que lle daba calor. Pero unha racha de vento apagou o mixto.
- Bueno, acenderei outro – Ras! Apareceu ante ela unha mesa chea de exquisiteces.

De novo outra racha de vento apagou o misto. Así que volveu acender outro misto e apareceu ante ela unha fermosa árbore de Nadal.

A seguinte vez acendeu dunha vez tres mistos xuntos, e ante ela apareceu a súa avoa que a chamaba:


- Avoíña, lévame contigo! Por favor non me deixes!- dixo a nena ilusionada.
- Si miña rula, vente comigo – A avoa colleuna da man.

Á mañá seguinte a pequena vendedora apareceu morta na rúa, pero con un sorriso na cara.

Patricia – 4ªA

## ACTIVIDADES

# MAGOSTO



O día que celebramos o Magosto, participamos en xogos populares pola mañá. Pero este ano choveu e tivemos que subir para as clases. Logo do recreo comimos as castañas e tomamos un batido. Para meter as castañas preparamos un bote.

As castañas estaban moi boas, pero tamén estaban moi boas as sobremesas que comimos do concurso que se celebrou no colexio.

No Magosto sempre poñían música no patio do cole, pero este ano non puxeron.



### No Magosto

Xogos populares: fixemos bailar as buxainas.

As sobremesas: probamos das tartas e pasteis do concurso. Estaban boísimas.

As castañas: para meter as castañas algunhas clases fixemos envases, sen embargo outros usaron papel de periódico.

As castañas asadas estaban moi boas.




O Magosto celebrouse no colexio.

Pola mañá baixamos aos xogos populares; empezamos a xogar coas pelotas, pero púxose a chover e tivemos que deixalo.

Despois para baixar a tomar as castañas xa non choveu, e pasámolo moi ben.

Estaban boísimas!



### No Magosto

Baixamos ao patio de recreo a comer as castañas. Ademais das castañas déronnos a todos un batido de chocolate.

Despois pasamos a degustar os doces do concurso de sobremesas que se celebrou este ano no colexio.

Foi un día total de festa porque pola mañá xa baixamos a xogar aos xogos populares.

A pesar de que choveu un pouco, foi un día divertido.

O que máis me gusta do Magosto son os xogos populares. Cando os faciamos no patio cuberto, sempre gañaba. Este ano non puidemos xogar moito porque se puxo a chover a cántaros.

Cando parou si que nos deixaron ir a fóra a seguir cos xogos. Na clase estivemos debuxando sobre o Magosto e oíndo cancións.

Ao final baixamos a comer as castañas e tomar un batido, e hasta probamos os doces do concurso de sobremesas.




No Magosto asaron as castañas. Os nenos fixemos un recipiente para meter as castañas. Baixamos a comelas.

Tamén tivemos un tempo para os xogos: cordas, brilé, buxainas, pano e outros. Aínda que non xogamos moito, porque choveu e tivemos que subir para as aulas. Pero o profe deixounos xogar co ordenador.

Os nenos de infantil quedaron xogando no patio cuberto, así puideron xogar máis tempo.

Tamén probamos as sobremesas. Estaban todos moi ricos, pero o meu preferido eran unhas madalenas caseiras.

Pasámolo moi ben! Cando chegamos á casa contamos o ben que o pasamos!



As castañas son o froito típico do Magosto.

É unha festa que se celebra en toda Galicia.


As castañas prepáranse asadas.

No noso cole os nenos de infantil fixeron uns envases de castañas con cartolina, os maiores fixemos outros envases con brics de leite ou zume, para así meter as castañas. Levámolo colgado do pescozo.

As castañas estaban moi boas, e o batido de chocolate tamén.

Ao final pasamos a probar os doces que elaboraron para o concurso; o que máis me gustou foron unhas madalenas pequeniñas de chocolate.

Foi un día de festa, no que houbo tempo incluso para xogar un anaco ao fútbol cos amigos.



Para min o Magosto é o día máis divertido do curso.


Primeiro xogamos a moito xogos como a comba, o pano, o brilé ou as buxainas.

Os nenos de infantil xogan no patio interior, e os de primaria nas pistas exteriores.

Tamén tivemos tempo de xogo libre, que usamos para xogar ao fútbol e á corda.

No fin de festa comemos as castañas e e tomamos un batido de chocolate. Sentamos todo o colexio fóra no parque de xogos de infantil para comer as castañas e beber o batido.

Ao final recollimos e nos fumos para casa, pero foi un día fantástico!



**No Magosto**

Pola mañá xogamos aos xogos populares.


Os nenos de infantil xogaron aos xogos dos bolos, tirar as latas, etc. Estes xogos fixéronse no patio cuberto.

Os maiores quedamos nas pistas exteriores e como choveu non puidemos xogar a moitos deles. Así pois tivemos que esperar nas clases a que parara de chover e así comer as castañas.

Lembro que outros anos si poidemos xogar, ademais poñían música e pasábamolo xenial!

Despois comemos as castañas, pero eu so comín unha poucas porque non me gustan demasiado.

Ao final celebrouse o concurso de sobremesas. A min o doce que máis me gustou era un de chocolate con abelás por enriba.



No Magosto este ano houbo unha degustación de sobremesas. Celebrouse un concurso no que había tres premios: á orixinalidade, á dificultade e ao sabor.

Había moitos postres para degustar, todos con produtos do outono, incluídas as castañas.

O meu favorito era un que tiña uns ratos que eran de chocolate.

Tamén me gustaron moito unha madalenas de coco.

Que rico estaba todo!



**No Magosto**

No Magosto xogamos a moitos xogos populares como as buxainas. Os de infantil xogaron a outros como os bolos.

Todos o pasamos moi ben, aínda que pronto tivemos que subir ás clases porque chovía moito.

Despois comimos as castañas e probamos os doces do concurso de sobremesas.

Foi un día fantástico!



No Magosto houbo un concurso de sobremesas. Cada alumno que quixo participar fixo un doce con produtos do outono.

Eu fixen unha madalenas de noces.

Os nenos levaron moita variedade de doces: pasteis, bombóns, panqués, un brazo de xitano e madalenas de castañas.

Probei moitos desas sobremesas, e aínda que non me acordo moi ben de todos, estaban boísimos.

Na xornada do Magosto tamén houbo xogos e comemos as castañas asadas.

Todos os alumnos do colexio desfrutamos moito da festa do Magosto.

**Alumnos de 4º B**

Manuel

Miguel

Julián

Raúl

Israel

David R.

Tatiana

Mónica

Jesica

David S.

Erika

Ainoa

Hugo

Diego

Alumnas e alumnos de 4º B



## ACTIVIDADES

Neste primeiro trimestre, o alumnado de 3º A preparou unha obra de teatro de sombras, colaborando co día das Bibliotecas Escolares, o 24 de novembro.



Escolleuse o conto “O Samaín”, de Clara de Saa e Sandra Fernández. Aí vos vai un pequeno resumo do mesmo:



*Fermín era un monstro que vivía na cova dun monte, onde había moitos castiñeiros. Na noite do Samaín, preparábase para o concurso dos sustos. Como a Fermín lle gustaban tanto as castañas, comeu máis dunha ducia e algo máxico aconteceu... o seu pelo volveuse de cor verde! Casilda, unha ratiña moi maior, amiga del, deulle uns consellos para que intentara asustar aos nenos esa noite. Pero nada do que lle propuxo axudou ao pobre Fermín. Ao pouco tempo pasaron uns nenos pola rúa, e ao ver a Fermín co pelo verde, botáronse a rir ás gargalladas. E así foi como Fermín, (axudado da sabia Casilda), pensou que a partir dese momento faría rir aos nenos en vez de asustalos!*

Fermín e Casilda (os personaxes principais)



Todos os personaxes e elementos da obra (feitos en cartolina con papel celofán)

Se queredes, podedes ver a historia completa contada polo alumnado de 3º, indo ao seguinte enlace da páxina web do colexio:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelfraga/node/622>



## Semana da froita:

No último día do reparto de froita, decidimos facer unha mestura de actividades aproveitando a froita sobrante distribuída esa semana: mazás, mandarinas, plátanos e peras.

Dividímonos en dous grupos, e, tendo 20 minutos para realizar un prato de froita divertida, así quedaron as creacións:





Un dos grupos foi un chisco máis creativo e o outro máis artístico... Para finalizar, fixemos unha macedonia que degustamos todos xuntos.






Alumnas e alumnos de 3º A

OBRADOIRO

Que miras?... Que ves?...







Alumnas e alumnos de 2º A



## OBRADOIRO

### CÂMARA ESCURA

#### PARA OBSERVAR DE FORMA SEGURA UNHA ECLIPSE SOLAR

Segundo os cálculos dos enxeñeiros da NASA, a seguinte eclipse de Sol será o 20 de marzo de 2015.

Unha eclipse é un espectáculo moi interesante, pero pode resultar perigoso para a vista se o observamos mirando directamente ao Sol. Afortunadamente, existen diferentes formas de contemplala de maneira indirecta e á vez segura.

Nós, queremos estar preparados para vivir esta experiencia e Claudia, unha rapaza que está estudando para ser profesora de nenos/as de Educación Primaria e que estivo este mes na nosa clase, ensinounos como construír unha cámara escura para poder observar a eclipse de xeito seguro.

#### *Materiais:*

- Unha caixa de cartón alongada.
- Cartolina negra.
- Papel alumninio.
- Cinta adhesiva.
- Tesoiras.

#### *Elaboración:*

1. Debuxamos un rectángulo de aproximadamente 5x3 cm nun dos laterais da caixa e recortámolo coas tesoiras.
2. Marcamos sobre cartolina negra un dos frontais da caixa, recortámolo e pegámolo pola parte de dentro, preto do rectángulo.
3. Colocamos cinta adhesiva arredor da tapa da caixa para que non se separe.
4. Marcamos sobre papel alumninio o outro frontal da caixa e pegámolo pola parte de fóra, no extremo contrario ao da cartolina.
5. Realizamos un burato (do diámetro da punta dun bolígrafo, para que non entre demasiada luz) no centro do papel alumninio.

#### *Modo de uso:*

Colocámonos de costas ao Sol para non danar a vista. Polo burato que fixemos sobre o papel alumninio vai entrar a luz e a imaxe do Sol proxectarase no outro extremo da caixa. Esta imaxe poderémola observar pola abertura lateral que recortamos na caixa.



Preparados para comezar



Debuxamos o rectángulo



Recortámolo



Marcamos na cortolina o frontal da caixa



Recortamos a cartolina



Colocamos a cartolina



Asegurámola ben



Debuxamos o frontal en papel aluminio



Recortamos o papel aluminio

Preparamos a cinta adhesiva




Marcamos o centro



Facemos o burato



E... xa está rematada!!!



Alumnos e alumnas de 6º A 



## ACTÍVATE



### Reciclaxe con SOGAMA

O día 26 de novembro estiveron no colexio dous responsables do programa "Separemos ben, reciclaremos mellor", un programa gratuito de SOGAMA en colaboración coa Xunta de Galicia.

Baixamos ao salón de actos divididos por niveis e sesións e tivemos unha charla dunha sesión, de 3º a 6º de primaria do máis entretida!



Ao final tamén nos deron un agasallo e uns folletos explicativos para reciclar mellor! Ademais deixáronos moito material para traballar nas aulas.



Alumnos e alumnas de 3º A




## XENTES DE CARIÑO POLO MUNDO.

### Francia

Polo meu traballo, estou moito tempo no estranxeiro. O país que máis visito é Francia.

O lado positivo do meu traballo, por dicilo dalgún xeito, é que visito e coñezo moitas cidades e a súa cultura. O lado negativo, por suposto é que paso moito tempo lonxe da familia.

Onde máis tempo estiven ata o de agora é en París, tamén chamada a "cidade do amor". París é unha cidade con moito encanto e con un montón de sitios para ver:



A Torre Eiffel, que pola noite é unha marabilla toda iluminada; Os Campos Elíseos e as súas famosas "boutiques"; o museo do Louvre dino de visitar que posue unha colección de esculturas antiga grega e romana e famoso cadro da "Gioconda"; tamén a catedral de Notre Dame e o Sacre Coeur, dende o que se pode ver todo París. Nas aforas da cidade pódese visitar os xardíns e gran pazo de Versailles, antiga residencia dos reis de Francia e que son famosos por aparecer na película dos Tres Mosqueteiros. Nas aforas tamén está para disfrute dos máis pequenos o parque temático Disneyland París.

Pero tamén visito outros lugares de Francia ademais da capital. Dependendo da rexión na que te atopes cada unha ten o seu encanto e historia.

Unha rexión francesa que se parece e me recorda moito á nosa terra é Normandía, onde está o enclave do desembarco de Normandía que ocorreu durante a segunda guerra mundial.



No tocante á gastronomía teñen moi boa carne, pero os pratos de peixe escasean; iso si teñen moi bos e famosos viños como o burdeos e licores como calvados, coñac e pastis.

No tema das comunicación están moi ben dotado de infraestructuras. París ten dous aeroportos internacionais: o Charles de Gaulles e o de Orly. Ten moi boas comunicación en tren, tanto no TGV (alta velocidade), como no intercité. A cidade de París é famosa polo seu metro, onde é unha tolería andar nel cando é hora punta na cidade.

En canto ao clima é moi parecido ao que temos aquí en Galicia, iso si, cando chove na zona do sur de Francia prodúcense grandes inundacións. No inverno na zona que linda con Suiza e Alemaña está sempre cuberta de neve.



Pedro , pai de Claudia de 4º A 

## ENTREVISTA

Falamos con **LUIS LÓPEZ FACHAL** e **JOSÉ MANUEL VIDAL VARELA**

Nesta vila mariñeira é doado atoparse con xente que fixo do mar a súa vida, que lle dedicou o mellor do seu tempo e da súa ilusión. Mariñeiros con infinidade de vivencias: positivas, moitas; tristes, outras. Profesionais con ampla historia e experiencia. Hoxe traemos a estas páxinas dous un destes profesionais: Luis López Fachal e José Manuel Vidal Varela (Lito), a quen lles agradecemos a súa presenza e amabilidade á hora de contestar as nosas preguntas. Os dous son afables, bos comunicadores e cunha ampla perspectiva do que foi, é e vai ser este mundo tan complexo do mar. Sen dúbida, dúas persoas conha experiencia tan rica que se debe transmitir ás novas xeracións.

As preguntas que se lles fan aos entrevistados foron aportadas, en exclusiva, polos alumnos de 5º de E. Primaria. No nome de todos, catro nenas foron as entrevistadoras directas e as receptoras das respostas que a continuación transcribimos. Hai que dicir que ao longo da entrevista houbo momentos de moita emotividade, como os referidos aos naufraxios ou á ausencia do fogar. Para reflexar toda a conversación precisaríamos moitas máis páxinas pero razóns de espazo obrigan a sintetizar. Pode que na transcripción haxa algunha inexactitude dada a necesidade de recoller con rapidez as respostas, razón pola que pedimos desculpas aos entrevistados, pero coidamos que o fundamental é o que vén a continuación.



**O ESPIGONCIÑO:** *Cando decidistes ser mariñeiros? Cantos anos tiñades cando empezastes a ir ao mar?*

**LUÍS:** Eu empecei aos dezaseis anos. Naquela época era a única saída que había para os rapaces de Cariño. Só podían estudar os que pertencían a familias con cartos. E nunca me arrepentín da miña elección, aínda que de ser hoxe había procurar pasar antes pola escola de Náutico-Pesqueira.

**LITO:** Desde sempre quixen ser mariñeiro. A meu pai non lle gustaba esta elección e meteume a cobrar a luz na Ortégana pero aos dezasete anos, como xa non podía estar no seguro con el e tiña que tomar unha decisión optei pola profesión que me gustaba: a de mariñeiro

**O ESPIGONCIÑO:** *En que barcos traballastes?*

**LUÍS:** O primeiro foi o Luís. Logo viñeron o Monte Nemio, o José Mª Gómez (un boniteiro), o Andrés Mari, o Sirin II e o Txoritxu.

**LITO:** Eu empecei no Jaime. Logo, en Ondárroa, no Amazonas. Máis tarde, e en mares de Sudáfrica, no Peares. Despois viñeron o Archanda, Cristo del Socorro, Ortegá, Gonzoniaga, Mar de Galilea...

**O ESPIGONCIÑO:** *A que especies vos dedicabades?*

**LUÍS:** Ao bonito, sardiña, ollomol, merluza e outros.

**LITO:** Si. Ao cerco pescabamos sardiña, xurelo ou cabala. Despois fixen sete campañas ao bonito e, ao palangre, as que di Luís.



**O ESPIGONCIÑO:** *Como é a vosa experiencia de mariñeiros?*

**LUÍS:** Moi boa. Se me volvera novo volvería ao mar. Iso si, como dixen antes, pasando pola escola de Náutico-Pesqueira.

**LITO:** Positiva en todos os aspectos da miña vida. E coincido con Luís en que volvería á escola para acadar un título superior ao que teño.

**O ESPIGONCIÑO:** *Que traballos desempeñaches ao longo da túa vida mariñeira?*

**LUÍS:** Sempre estiven na máquina. Primeiro, de engrasador, que é unha especie de axudante, e logo como maquinista.

**LITO:** Desde o ano 1961 ao 73 fun mariñeiro. Logo, ata a miña xubilación, fun patrón.

**O ESPIGONCIÑO:** *É duro estar lonxe da túa familia?*

**LUÍS:** Moito. É o que máis sentes. Cando te vas xa che tarda volver porque ver crecer aos fillos dá moito gusto.

**LITO:** Sen dúbida, é o máis duro. Por moito que che guste a profesión a ausencia do fogar é o máis difícil de soportar.

**O ESPIGONCIÑO:** *Que sentiades ao estar no barco pola noite? Tiñades medo?*

**LUÍS:** Ás veces sí porque poden vir outros barcos que non ves e producirse unha colisión.

LITO: Medo, polo feito de ser noite, non. É certo que debes adoptar máis precaucións. Ao mar non lle hai que ter medo, pero respecto si, sobre todo cando veñen temporais e navegas preto da costa.

*O ESPIGONCIÑO: Como lles ten pasado a moitos mariñeiros, vós naufragastes. Como foi?*

LUÍS: O 14 de xullo do 1980 saímos de Cariño ás tres da tarde. Levabamos navegando hora e media cando un mercante nos botou ao fondo. En cinco minutos desapareceu o barco. A bordo estabamos catorce homes. Dous quedamos nadando e os outros nunha balsa. Aos que estabamos no mar rescatounos un barco asturiano, o Manuel Marino, mandado polo patrón cariñés Toñito Martínez. Tiveron que subirnos a bordo porque estabamos esgotados. Aos compañeiros que permaneceron na balsa recolleunos a flota cariñesa que levaba o mesmo rumbo ca nós.

LITO: No 1988 viñamos de Francia con moi mal tempo. Abriuse unha vía de auga e, despois dunha odisea de doce horas, rescatounos unha fragata francesa que andaba en manobras e viu as bengalas que lanzamos. O barco aínda permaneceu a flote unhas catorce ou quince horas. A nós leváronos a Lorient e, desde alí, a Brest, desde onde collemos o tren para retornar á casa.

*O ESPIGONCIÑO: Que idea vos pasou pola cabeza cando vistes que o barco afundía?*

LUÍS: Nese momento, a única reacción foi chamar á xente que estaba nos camarotes. Faltaba un home, o patrón, que saíu polo teito da ponte e andaba buscándome a min. Como mentres hai barco hai vida, segundo se di, subín polo pau, pero co barco partido afundi todo e quedei flotando preso no aparello.

LITO: Eu pensaba que o importante era que a xente estaba a salvo, pero que eu perdía o meu medio de traballo.

*O ESPIGONCIÑO: Despois do naufraxio, pensastes en non volver ao mar?*

LUÍS: Non. De feito, eu volví despois de botar un ano traballando en terra como conserxe no Instituto. Unha vez vencida a ansiedade volví ao mar.

LITO: Nin se me pasou pola cabeza. De feito, seguí no mar ata a miña xubilación.

*O ESPIGONCIÑO: A que idade vos retirastes?*

LUÍS: De navegar, aos 54 anos. Logo seguí traballando en terra pero para os barcos, como inspector, nun labor que me levou a viaxar por Brasil, Escocia, Francia...

LITO: Eu xubileime aos 57 anos.

*O ESPIGONCIÑO: Seguides interesados no mundo do mar? Gustaríavos volver ao mar?*

LUÍS: Hoxe non me leva a vida. Debo ser dos

poucos de Cariño que non van pescar. O que sigo é mantendo contacto con xentes do mundo do mar, amigos que están en salvamento, talleres e outros.

LITO: Interesado, por suposto. E si, volvería ao mar. Incluso tiven a intención de renunciar temporalmente á xubilación e facer unha campaña do bonito.



*O ESPIGONCIÑO: Alguén da familia herdou a vosa profesión?*

LUÍS: Si. O meu fillo traballa en máquinas nun buque oceanográfico.

LITO: Non. O meu fillo fixo unha costeira do bonito pero eu non o animei a seguir neste labor.

*O ESPIGONCIÑO: Para rematar, que consello daría a todos os rapaces que queren traballar no mundo do mar.*

LUÍS: Que antes de embarcar adquiren a preparación axeitada. Que vaian á escola de Náutico-Pesqueira.

LITO: Teño a mesma opinión. Que se preparen e tamén que aprendan idiomas. Hoxe, que non hai traballo aquí e os mariñeiros teñen que emigrar, resulta imprescindible o dominio do inglés, sobre todo se vas traballar nun mercante.

Así remataba esta conversación tan amena e, hai que dicilo, con momentos de intensa emotividade, sobre todo cando Luís e Lito describían os episodios dos naufraxios. Moitas grazas, amigos, por compartir con nós este tempo tan agradable e polos vosos consellos. Desexámosvos a vós, ás vosas familias e a todas as xentes do mar unhas Boas Festas e un longo futuro cheo de saúde e paz.

**Equipo de redacción: alumnas e alumnos de 5º de E. Primaria.**

**Fixeron a entrevista Andrea B., Andrea F., Uxía e Carla**



## PROXECTOS

## O SISTEMA SOLAR



O estudo do universo, e máis concretamente do **Sistema Solar**, produciunos unha serie de interrogantes e cuestións que nos levaron a investigar sobre este fascinante mundo. Fomos nós mesmos os que contestamos ás nosas dúbidas coa axuda dunha Webquest. Distribuímonos en grupos, asignámonos roles e lanzámonos a analizar as diversas fontes de información e recursos dos que dispoñiamos para aclarar con precisión todas as nosas dúbidas: direccións web, un programa para coñecer o noso peso en calquera lugar do sistema solar, animacións, vídeos, actividades interactivas (encrucillados, textos incompletos, etc)...

Imos intentar facer un resumo de todo o que aprendemos nesta investigación.

O Sistema Solar está formado polo Sol, os planetas, os satélites, os asteroides, os cometas, os meteoritos, estrelas fugaces, pó e gas interplanetario.

É difícil precisar a súa orixe, pero os científicos cren que o podemos situar hai uns 4.600 millóns de anos. Formouse cando unha inmensa nube de gas e de pó contraeuse a causa da forza da gravidade e comezou a xirar a gran velocidade, probablemente debido a explosión dunha supernova moi preto.

O Sol é a estrela que está máis preto da Terra, a que nos proporciona enerxía e crese que ten combustible para 5.000 millóns de anos máis. Despois, comezará a facerse máis e máis grande, ata converterse nunha xigante vermella. Finalmente, afundirase polo seu propio peso e convertirase nunha anana branca que pode tardar un trillón de anos en arrefriar.

Aprendemos a diferenza entre os distintos elementos que forman o sistema Solar e que confundiamos con moita facilidade.

O **sol** é unha estrela que emite luz e calor, os **planetas** xiran arredor do sol e non teñen luz propia, senón que reflexan a luz do sol e os **satélites** xiran arredor dos planetas.

Os **asteroides** son unha serie de obxectos rochosos ou metálicos que orbitan arredor do Sol, a maioría no cinto de asteroides, entre Marte e Xúpiter, e outros no conto de Kuiper, máis alá de Neptuno e os **meteoritos** son fragmentos de materia que chegan á superficie da Terra sen queimarse totalmente.

Os **cometas** son astros xeados que se queantan cando se aproximan ao sol, amosando unha cola brillante e, cando se afastan, arrefrían e a cola desaparece. Algúns afastanse tanto que abandonan o Sistema Solar e non volven nunca, outros, coma o cometa Haley, visítanos cada 76 anos. As **estrelas fugaces** son corpos pequenos que chegan á Terra e se incendian ao chocar coa atmosfera.

O Sol mantén aos planetas xirando ao seu arredor grazas á atracción da forza da gravidade, neste movemento seguen traxectorias imaxinarias en forma de elipse chamadas órbitas. Cada planeta xira a unha velocidade que depende da súa distancia ao sol; canto máis lonxe están do sol, máis devagar xiran.



O tema da gravidade chamounos moito a atención. A Terra atráenos como un imán e fai que nos manteñamos pegados ao chan e non andemos flotando por aí en vez de andar, é o que se coñece co nome de **forza de atracción** ou **gravidade**.

Cada vez que falamos da gravidade imaxinamos un astronauta flotando no espazo, pero por que flotan os astronautas? Erroneamente pénsase que é porque non hai gravidade, pero en realidade é porque os astronautas se atopan en caída libre hacia a Terra, coma nós cando montamos nunha atracción que nos sobe moi alto e nos solta para que caiamos. Iso é o que lles ocorre aos astronautas, non é que estean sen gravidade, é que teñen a sensación de estar en caída libre permanente

porque están dando voltas arredor do planeta a unha distancia, unha altura e unha velocidade determinada. Se se quedaran quietos caerían como Félix Baumgartner cando se lanzou ao baleiro dende a estratosfera, a unha altura de casi 40 km.

Tamén utilizamos un programa que calculaba o noso peso en cada un dos planetas, só con introducir o noso peso na Terra.

Asemade, descubrimos cousas interesantísimas sobre os planetas.

**Mercurio** é o planeta máis pequeno. Se nos situásemos en Mercurio veríamos o ceo sempre negro porque non ten atmosfera para dispersar a luz.

O planeta máis parecido á Terra é **Venus**, pero alí a vida non é posible porque non ten océanos e ademais, a súa densa atmosfera provoca un efecto invernadoiro que eleva a temperatura ata os 480°C; máis alta que a de Mercurio que é o que está máis preto do Sol. Xira en sentido contrario aos outros planetas. Ten volcáns, pero saber se están activos ou non segue sendo unha incógnita.

A vida na **Terra** é posible grazas ás súas condicións de temperatura e humidade. Está situada a unha distancia axeitada do Sol (nin moi lonxe, nin moi preto). Tamén á atmosfera que é a capa gasosa que envolve a Terra e que permite o paso dos raios de sol a superficie. E, por último, á existencia de auga líquida.

Aínda que se pense que no pasado puido haber vida en **Marte**, actualmente iso é imposible porque recibe do Sol demasiados raios ultravioletas.

O planeta máis grande é **Xúpiter** e un astrónomo chamado Galilei foi o primeiro en observar o ceo cun telescopio e descubrir que tiña satélites (ata entón pensábase que só os tiña a Terra). Ten máis de sesenta.

Catrocentos anos despois do seu descubrimento, os impresionantes aneis de **Saturno** seguen a ser un misterio; crese que se puideron formar a partir de satélites que sufriron impactos de cometas e meteoroides.

**Urano** está tan afastado que, dende el, o Sol parece unha estrela calquera, aínda que moito máis brillante.

**Neptuno** está tan lonxe da Terra que unha nave tardaría doce anos en chegar ata el.

Arredor do Sol tamén xiran outros corpos esféricos, máis pequenos que os planetas, que se coñecen co nome de planetas ananos. O máis coñecido é Plutón, que ata hai pouco tempo se consideraba un planeta.

Aprendemos e disfrutamos moito con este traballo, pero aínda quedan moitas cousas por descubrir, o universo é enorme e nós demasiado pequenos.



Alumnas e alumnos de 6ºA e 6ºB

## EN GALEGO ...

## ACTIVIDADES EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

Unha das actividades programadas dende o EDLG con motivo da celebración do MAGOSTO foi un concurso de **portas terroríficas**.

Daba xenio ver os corredores do colexio coas portas das aulas decoradas con motivos tan arrepiantes. Demostrastes unha gran capacidade creativa coa utilización de tantas técnicas plásticas e tan ben elaboradas. Resultounos realmente difícil elixir aos gañadores, de feito, tiveron que compartir o premio o alumnado de 3º e 6º A.



3º



6º A

Pasámolo...de medo!!!

Durante os días 7 e 8 de novembro tamén organizamos un **concurso-exposición de sobremesas** elaboradas artesanalmente na casa, cuxo ingrediente principal era un produto típico do outono (castañas, noces, mazás...) . Cada sobremesa viña identificada cun cartel no que se indicaba o nome da sobremesa, os ingredientes e o nome e curso do reposteiro.

Houbo premio para a sobremesa máis orixinal, máis saborosa e con máis dificultade na súa elaboración.

Os gañadores/as das distintas categorías do concurso foron:

**MÁIS ORIXINAL... "FROITA PARA SOBREMESA"**

REPOSTEIRA: Zeltia Quiza- EI 4

INGREDIENTES: para a cabaza: mandarina e rama de apio; para o fantasma: plátano e pebidas de chocolate; para as vasoiras: queixo e paños de chocolate e para a tumba: mouse de castaña, chocolate e biscoito.







**MÁIS SABOROSO... "A RATEIRA"**  
REPOSTEIRO: Carlos Graña Cal- 3º EP  
INGREDIENTES: para o biscoito: cacao en pó, fariña, azucre, ovos, aceite e vainilla; para a mouse: azucre, nata, ovos, xelatina, leite, castañas e viño doce.

**MAIS DIFICULTADE NA SÚA ELABORACIÓN... "BISCOITO DE CASTAÑAS CON FOLLAS DE CHOCOLATE"**

REPOSTEIRAS: Ania Rodríguez e Lucía Vila- 5ºB

INGREDIENTES: para o biscoito: ovos, azucre, fariña, fermento e castañas e para as follas: chocolate.



Dixástesnos abraiados coa creatividade que amosastes elaborando tantas marabillas. Unha vez máis temos que agradecer a vosa participación e colaboración e, por suposto, a das vosas familias.

Podedes ver unha presentación feita con todas as sobremesas na páxina web do colexio: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelfraga/> e cumprida información destas e doutras actividades desenvolvidas con agarimo ao longo do trimestre polos distintos equipos do centro, nas que os principais protagonistas sodes vós.



Nuns días, tamén poderedes disfrutar do **calendario 2015**, un calendario que pretende manter na nosa memoria a presenza viva de varios persoeiros que dedicaron unha gran parte da súa vida a facer unha sociedade máis xusta. Razóns de espazo obrigáronnos a facer unha escolma e son moitos os que quedaron fóra das súas páxinas, feitas coa ilusión que en todo poñen os nenos de Cariño. Pero quedan na nosa memoria e envoltos na gratitude que sae do máis fondo da alma. Non están todos os que son, pero si son todos os que están.

Parabéns para todos e todas!!!

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega deséxavos bo Nadal a todos/as!!!

Equipo dinamización lingua galega 

# BIBLIOTECA



O curso 2014-2015 ven, para o equipo da biblioteca, repleto de boas intencións e novas propostas para cumprir un obxectivo principal: **fomentar a lectura e o uso da nosa biblioteca** por parte de toda a comunidade escolar. Con este fin realizamos todas as nosas actividades, que se inician coa **selección do alumnado colaborador** para o presente curso.

MARTES 23/09/2014	MÉRCORES 24/09/2014	XOVES 25/09/2014	VENRES 26/09/2014
12 <sup>15</sup> - Alakia Fernández - Elean Dizo - Yael Dore - Erico Almeida	12 <sup>15</sup> - Miguel López - Jacca Sintes - Hugo Vilameán - Julián Lemos	12 <sup>15</sup> - Lara López - Andrea Ferrás - Ramón Calvo - Eliseo Barreiro	12 <sup>15</sup> - Lucía Pita - Lucía Vila - Paula Barreiro - Clara Villaverde
12 <sup>30</sup> - Alejandro Barreiro - Erico Vila - David Sintes	12 <sup>30</sup> - David Sintes - Axel Magalhães - Diego Valle	12 <sup>30</sup> - Erico Almeida - Andrea Ferrás - Hugo Vilameán	12 <sup>30</sup> - Lucía Pita - Lucía Vila - Paula Barreiro - Clara Villaverde




Despois de realizar unhas pequenas probas de localización e colocación de libros así como de organización e funcionamento da biblioteca, para este curso escolar contamos con numeroso alumnado de 4º, 5º e 6º disposto a colaborar diariamente para manter a nosa biblioteca nas mellores condicións posibles.

Neste curso xurdiron dificultades para que algúns grupos puideran acudir á biblioteca por falta de espazo, xa que a tendencia é que nas aulas se escolaricen cada vez un maior número de alumnos. Para solventar dita dificultade, decidimos realizar **modificacións no espazo** adicado ao alumnado de infantil (aínda que é o máis empregado por todo o alumnado) retirando as mesas e as sillas e colocando unha alfombra que facilita a permanencia de todos o alumnado dun mesmo grupo. Así quedou o espazo despois do cambio: máis alegre e accesible para todos.



Ata o momento, dende a biblioteca organizaronse as seguintes actividades: Día das Bibliotecas Escolares/Samaín e Día dos Dereitos da Infancia.

Debido á proximidade das datas: 24 e 31 de outubro este curso decidimos unificar a celebración do **Día das Bibliotecas Escolares** e do **Samaín** e para isto, contamos coa colaboración do grupo de 3º de primaria e da súa titora que prepararon coa axuda do equipo da biblioteca un teatro de sombras coa obra *Samaín*. Resultou un traballo complexo xa que foron os propios alumnos os que elaboraron todas e cada unha das figuras que participaban na obra, grabaron o texto coas súas voces e por suposto, foron eles mesmos os que no momento da representación movían as siluetas que lle deron sentido á obra. A pesar das dificultades atopadas a posta en escea foi un éxito; se queredes vela de novo, recordade que tedes a grabación na páxina web do colexio.



Ao finalizar a representación todos xuntos cantamos a canción de Paco Nogueiras recollida no libro-disco *Brinca Vai!* titulada *Samaín*.

Neste día tan importante para a biblioteca podemos contar, un ano máis, coa nosa mascota Multileo que tamén desfrutou do espectáculo e aproveitou a ocasión para saudar ao alumnado e entregar ao grupo de tres anos os seus carnés.



Seguindo coa celebración do Día das Bibliotecas Escolares este ano tamén participamos na elaboración duns **marcapáxinas** conmemorativos desta data para a **Biblioteca Municipal**. Participou todo o alumnado de Educación Infantil e aquí tedes á gañadora. Noraboa Vania!



A finais de novembro e, para conmemorar o **Día dos Dereitos da Infancia** propuxéronse dúas actividades relacionadas. Por unha banda, na entrada do centro colocouse unha pelota representando o mundo no que cada un dos grupos foi colocando, xunto co seu titor ou titora, un dos dereitos que previamente o equipo de biblioteca tiña preparados.



A outra proposta consistiu en que cada alumno seleccionase un dereito ao azar e o plasmase mediante un debuxo na plantilla que o equipo da biblioteca facilitou aos titores. O resultado quedou moi vistoso e decorou a entrada do colexio durante uns días.



Neste curso o equipo da biblioteca decidiu realizar algúns cambios permitindo que todo o alumnado vaia á biblioteca no recreo sempre e cando sexa para ler ou realizar préstamos/devolucións de libros; para o emprego de ordenadores e tablets continuamos asignando un día para cada nivel. Así mesmo, continuamos mantendo a biblioteca aberta a toda a comunidade escolar a tarde dos xoves de 16:00 a 18:00.

Durante os meses que transcorriron do curso, ademais de miniportátiles e tablets os **fondos máis prestados** foron os seguintes.

- 1º *Misterio en Paris. Tea Stilton*
- 2º *Diario de Greg 7. Buscando plan.*
- 3º *Charlie y la fábrica de chocolate*
- 4º *Diario de Greg 6. ¡Atrapados en la nieve!*
- 5º *Diario de Greg 2. La ley de Rodrick*

Finalmente, citar tamén aos **mellores lectores** do colexio durante este primeiro trimestre do curso:

- 1º Miguel López Pena (4ºB)
- 2º Paula Varela Cerezales (5ºB)
- 3º Lucía Vila Iglesias (5ºB)
- 4º Celia Díaz Alves (1ºA)
- 5º Lara Balado López (1ºA)

Noraboa a todos eles e aos demais, animalos a que continuen asistindo á biblioteca e participando en todas aquelas actividades que se propoñen.

**Bo Nadal!!!**

Equipo de biblioteca

PASATEMPOS.

Atopa as oito diferenzas




OITO EQUIPOS DE FÚTBOL DA CHAMPIONS LEAGUE




R	S	T	A	C	A	J	A	X	A	D	D
E	U	Z	B	D	I	K	T	O	U	V	J
A	V	Y	A	D	R	O	M	A	X	C	J
L	P	A	R	I	S		S	G	R	R	K
	O	F	C	Z	C	P	D	S	F	Z	U
M	A	G	E	B	Q	H	O	K	C	O	T
A	R	R	L	A	Y	Y	E	G	Ñ	G	B
D	S	D	O	Y	A	V	X	L	T	C	Z
R	E	Z	N	E	S	H	I	S	S	C	C
I	N	O	A	R	M	E	F	E	K	E	U
D	A	F	Ñ	N	Y	K	K	M	Y	B	A
P	L	T	V	L	G	H	S	Z	A	H	G

A VER SE ATOPAS OITO EQUIPOS QUE XOGAN A CHAMPIONS

Colorea



# O ESPIGONCIÑO



# O ESPIGONCIÑO



Subvencionado pola  
**Consellería de Educación e O.U.**  
Secretaría Xeral de Política lingüística